



**ATENCIÓN DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS
DO ALUMNADO DE SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

De acordo co establecido na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15) pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos, comunícolles o seguinte:

1. O *CEIP. Cidade Vella* está adscrito ao *IES Plurilingüe de Adormideras*.
2. O noso alumnado ten prioridade para matricularse neste Instituto por diante daquel alumnado que proceda doutros centros de primaria non adscritos.
3. As familias que desexen matricular aos seus fillos/as no *IES Plurilingüe de Adormideras* deberán entregar ao seu titor-a, entre o 11 de xaneiro e o 8 de febreiro, o modelo de solicitude debidamente cuberto que se xunta a este escrito (anexo I da Orde do 12 de marzo de 2013). (Tamén pode facerse a reserva parcial no enderezo <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>, ou de xeito electrónico e completo en <https://sede.xunta.gal/portada>)
4. O alumnado de sexto curso deste Centro que, de acordo co dito anteriormente, non faga no prazo establecido a reserva de praza para o citado instituto, deberá participar no proceso xeral de admisión como se fose alumnado novo, debendo presentar cumprimentado no IES da súa preferencia, do 1 ao 22 de marzo, o documento que se publica como anexo II da citada Orde do 12 de marzo, modelo de impreso que se pode retirar na conserxería deste Centro ou descargar na páxina web do mesmo. (a partir de marzo)
5. A reserva no IES *IES Plurilingüe de Adormideras* adquirirá carácter vinculante e será **incompatible** coa presentación dunha solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

A Coruña, 8 de xaneiro de 2021

A DIRECTORA

Olga Rodríguez Poo.

